



ACORDO DA COMISIÓN BILATERAL CELEBRADA O 2 DE DECEMBRO DE 2020, RELATIVO Á ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS, 3ª FASE. COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021. ANUALIDADE 2020.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS),

DECLARA:

Que o 2 de decembro de 2020 reúnense o director xeral de Vivenda e Solo do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e o director xeral do IGVS, para subscribir unha serie de acordos relativos á **Área de Rexeneración e Renovación Urbana e Rural do Parque Nacional das Illas Atlánticas**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Subscribir o acordo de financiamento para a realización conxunta das obras de rehabilitación e renovación de edificios e vivendas da **Área de rexeneración e renovación urbana e rural do Parque Nacional das Illas Atlánticas**, no marco do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante Rd 106/2018, do 9 de marzo).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Que a Comunidade Autónoma de Galicia solicitou o financiamento da **Área de rexeneración e renovación urbana e rural do Parque Nacional das Illas Atlánticas**, segundo o establecido no artigo 49 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, e de conformidade co acordado na cláusula novena do Convenio subscrito o 30 de xullo de 2018 entre o Ministerio de Fomento (actualmente Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana) e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 (en diante PEV).





Que o Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, regula, entre outras axudas, a relativa ao Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural, que ten por obxecto o financiamento da realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios e vivendas, de urbanización o reurbanización de espazos públicos e, no seu caso, de edificación de edificios ou vivendas en substitución de edificios ou vivendas demolidos, dentro dos ámbitos de actuación denominados Área de rexeneración e renovación urbana ou rural previamente delimitados.

Que o ámbito da actuación da Área de rexeneración e renovación urbana e rural obxecto de financiamento correspóndese coa do Parque Nacional das Illas Atlánticas, integrado polo espazo mariño e terrestre dos arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia manifesta que a actuación cumpre cos requisitos establecidos no artigo 48 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, relativos á delimitación do ámbito territorial da área e aos límites de edificabilidade destinada ao uso residencial de vivenda.

Que as Administracións asinantes consideran necesario o financiamento das actuacións neste ámbito co obxecto de potenciar o uso residencial, asegurando a diversidade social e o realoxamento da poboación residente, axustándose á normativa do planeamento urbanístico vixente, aplicándose as disposicións sobre eliminación de barreiras arquitectónicas e promoción da accesibilidade, así como á mejora da eficiencia enerxética dos novos edificios que deberán ter unha cualificación enerxética mínima “B”, e cumprir en todo caso coas esixencias do Código Técnico da Edificación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria.

